



## INSTRUCCIÓN RELATIVAS Á ORDE DE LABORATORIOS COOPERATIVOS NO RURAL PARA O ANO 2018

Co obxecto de aclarar determinados aspectos contemplados na Orde do 24 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural, e se convocan para os anos 2018 e 2019, publicada no DOG do 7 de xuño, dítanse as seguintes instrucións:

### **Gastos subvencionables e xustificación**

#### **1. Axudas de custo e desprazamento**

De acordo co disposto no artigo 24 da orde de convocatoria serán subvencionables as **axudas de custo** do persoal interno e externo no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación das persoas participantes nas accións ás que se refire o artigo 23.3, así como as do persoal de apoio, tanto interno como externo, necesarios para a xestión e execución das ditas actividades.

Así mesmo, ademais das **axudas de custo** serán subvencionables os **custos de desprazamento** das persoas participantes no proxecto que teñan un domicilio de residencia situado nun concello distinto a aquel onde se desenvolva o proxecto, sempre e cando sexan desempregadas e estean inscritas como demandantes de emprego, tal e como establece o artigo 23.5 da orde de convocatoria.

Na **memoria explicativa do proxecto** que debe presentarse coa solicitude do programa I (procedemento TR807C) deberá facerse referencia expresa á **forma e cantidade** na que a entidade solicitante aboará as ditas axudas de custo e gastos de desprazamento. No caso de persoal interno e externo no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación deberá terse en conta para estes efectos o convenio colectivo de aplicación correspondente, que deberá identificarse na memora; e para as persoas participantes no proxecto admitiranse, como límite máximo, os importes recollidos para o grupo 3 na Resolución do 29 de decembro de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005, sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e a das axudas de custo en territorio nacional, establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

En canto á súa **xustificación**, estes gastos acreditaranse cos correspondentes tickets e facturas. Para o caso de utilización de vehículo propio, deberá indicarse de forma expresa a dita circunstancia, e a contía máxima da indemnización será a establecida para o grupo 3 na Resolución do 29 de decembro de 2005 antes sinalada. En calquera caso deberá achegarse a xustificación bancaria de que a entidade aboou os ditos gastos ás persoas participantes e ao persoal formador, de ser o caso.





## 2. Gastos de preparación e avaliación

Por outro lado, de acordo co disposto no artigo 26.1.a) da orde de convocatoria serán subvencionables tanto as horas efectivas de atención a que se refire o artigo 23.3 como as de preparación e avaliación das persoas participantes, sen que o número de horas imputadas á preparación e avaliación poida ser superior ao de horas de atención efectiva.

As horas non presenciais deberán acreditarse mediante unha **certificación de horas dedicadas á actividade**, na que consten as horas dedicadas tanto ás actividades de preparación e avaliación asociadas ao itinerario a que se refire o artigo 23.3 como as de coordinación e outras actividades de apoio, con descrición das tarefas realizadas, que deberá axustarse ao seguinte modelo: [http://emprego.ceei.xunta.gal/axudas-e-subvencions?p\\_p\\_id=ipecos\\_opencms\\_portlet\\_INSTANCE\\_N7Md&p\\_p\\_lifecycle=0&p\\_p\\_state=normal&p\\_p\\_col\\_id=column-3&p\\_p\\_col\\_count=1&ipecos\\_opencms\\_portlet\\_INSTANCE\\_N7Md\\_content=%2Fopencms%2FTraballo%2FContidos%2FAxudas%2Faxuda\\_0426.html&category=Tipos\\_enumerados/Tipo\\_Axuda/Estado/En\\_Prazo/](http://emprego.ceei.xunta.gal/axudas-e-subvencions?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_N7Md&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-3&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_N7Md_content=%2Fopencms%2FTraballo%2FContidos%2FAxudas%2Faxuda_0426.html&category=Tipos_enumerados/Tipo_Axuda/Estado/En_Prazo/)

Santiago de Compostela, coa data da sinatura electrónica

A subdirectora xeral de Economía Social

Alba Paz Boubeta

